

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS PEZOS PÚBLICOS  
POLO CONSUMO DE ELECTRICIDADE E AUGA POLA UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS  
DE EMERXENCIA SOCIAL*

*Anuncio aprobación definitiva da Ordenanza reguladora dos prezos públicos polo consumo de electricidade e auga debido á utilización das vivendas de emerxencia social xestionadas polo Concello de Pontearreas.*

Na sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2023, o Pleno da Corporación Municipal aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora dos prezos públicos polo consumo de electricidade e auga debido á utilización das vivendas de emerxencia social xestionadas polo Concello de Pontearreas.

No BOP de Pontevedra de data 13 de abril de 2023 publicouse anuncio de aprobación inicial e abriuse período de información pública de trinta días hábiles, aos efectos de que as persoas interesadas puidesen presentar as reclamacións ou suxestións que estimasen oportunas.

Transcorrido o prazo de exposición pública sen presentarse polas persoas interesadas, reclamación ou suxestión algunha, enténdese aprobada definitivamente.

A Ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no BOP.

Contra o acordo de aprobación definitiva, os interesados poderán interpor ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

**ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLO CONSUMO DE ELECTRICIDADE E AUGA DEBIDO Á UTILIZACIÓN DAS VIVIENDAS DE EMERXENCIA SOCIAL XESTIONADAS POLO CONCELLO DE PONTEAREAS**

**Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA XURÍDICA.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como de conformidade co disposto nos artigos 2, 41 a 47 y 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello de Pontearreas establece os prezos



Mércores, 5 de xullo de 2023

Núm. 129

públicos polo consumo de electricidade e auga pola utilización das vivendas de emerxencia social que radican no concello de Pontearreas. Os devanditos prezos públicos rexeranse polas disposicións mencionadas e pola Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos do Estado, así como polo presente texto.

### **Artigo 2.- NATUREZA.**

Os prezos públicos regulados neste texto constitúen a contraprestación polo consumo de electricidade e auga, que deben realizar as persoas adxudicatarias do uso e aproveitamento temporal das vivendas de emerxencia social xestionadas polo Concello de Pontearreas.

### **Artigo 3.- OBRIGADOS/AS AO PAGO.**

Están obrigados/as ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas solicitantes da vivenda de emerxencia social, no momento que resulten adxudicatarias de dita vivenda. Esta persoa será a que subscriba o acordo de ocupación temporal da vivenda de emerxencia social.

Os solicitantes serán as persoas ou familias usuarias dos Servizos Sociais que se atopen nunha situación de necesidade de acubillo, por atoparse nunha situación imprevista de emerxencia social e/ou violencia de xénero, tal e como recolle a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social.

### **Artigo 4.- OBRIGA DO PAGAMENTO.**

A obriga do pago do prezo público polo consumo de electricidade e auga debido á utilización das vivendas de emerxencia social, nace dende a adxudicación da ocupación temporal da vivenda e coa formalización do acordo de uso deste servizo.

O pago do prezo público coincidirá co mes natural, salvo o primeiro mes que comprenderá os días que resten dende a formalización da adxudicación do dereito de ocupar temporalmente a vivenda de emerxencia social, ou dende o ingreso urxente ata o fin do mes en curso.

Nos casos de que o cese do uso temporal non sexa por vontade propia da persoa solicitante, a contía do prezo público comprenderá os días do mes ata o desaloxo efectivo da vivenda.

Polo tanto, a cantidade que se paga mensualmente en concepto de consumo de electricidade e auga pola utilización das vivendas de emerxencia social, proratearase por días naturais no mes de comezo, e no caso de que o cese ou extinción do dereito de uso temporal da vivenda se produza de forma involuntaria, a persoa que desfrutaba do uso da vivenda ten dereito á devolución da contía pagada que corresponda aos días que restasen ata o fin do mes no que se produce o desaloxo da vivenda involuntario.

O prezo público está calculado en función do número de ocupantes da vivenda e o consumo/prezo medio da electricidade e auga.



Mércores, 5 de xullo de 2023

Núm. 129

**Artigo 5.- IMPORTE DO PREZO PÚBLICO.**

O importe dos prezos públicos que se detallan na seguinte táboa estarán en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

<i>Número de persoas</i>	<i>Importe do prezo público mensual</i>
1	34,31 €
2	55,26 €
3	76,25 €
4	96,79 €
5	117,59.-€

Para fixar ditos importes tivéronse en conta os seguintes factores:

- Consumo medio kwh por persoas/mes, prezo medio kwh no ano 2021, o imposto da electricidade (5,113%) e o IVA (10%).

- Consumo medio m3 auga por persoa/mes e os prezos pola distribución de auga e saneamento en Pontearreas, así como o canon da auga, e os impostos correspondentes.

No caso de que se superen os consumos medios que se tiveron en conta en máis dun 40%, as persoas beneficiarias da vivenda temporal de emerxencia social deberán aboar a diferenza entre o importe das facturas de auga e luz e o importe do prezo público; a liquidación será aprobada e emitida previo informe dos Servizos municipais sobre os datos de facturación mensual recibidos.

Os consumos medios establecidos pola presente Ordenanza son os seguintes:

<i>Número de persoas</i>	<i>Kwh/mes</i>	<i>M3 auga/mes</i>
1	169,5	3,8 m3
2	268,8	7,6m3
3	369	11,4m3
4	470,10	15,2 m3
5	571	19 m3

**Artigo 6.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.**

Coa adxudicación do uso temporal da vivenda de emerxencia social nace a obriga ó pago do prezo público mensualmente, e polo tanto as inspeccións e recadacións dos prezos públicos fixados no artigo 5, realizaranse de acordo co previsto na presente ordenanza e subsidiariamente polo disposto na Lei Xeral Tributaria e demais leis e disposicións aplicables.

O prezo público debe aboarse dentro do mes corrente e na data no que se tramite o cargo bancario polos Servizos municipais, salvo o primeiro pago que debe efectuarse por autoliquidación previamente á formalización de adxudicación do dereito de uso temporal da



vivenda de emerxencia social, e no caso de entrada urxente debe efectuarse no prazo dos cinco días posteriores.

A contía do prezo público aboarase mensualmente previa aprobación municipal da listaxe cobratoria e por aceptación do cargo bancario ordeado polos Servizos municipais, para o cal as persoas solicitantes deben autorizar ao Concello a domiciliación do pago do prezo público; no caso de alta (ordinaria ou urxente) a contía será aboada na forma que indica o parágrafo anterior.

O incumprimento do abono da tarifa do prezo público nos prazos indicados determinará a aplicación da vía administrativa de constrinximento (apremio) coa esixencia dos recargos que correspondan, así como a extinción ao dereito de uso temporal da vivenda de emerxencia social.

### **Artigo 7.- NORMAS DE XESTIÓN.**

A adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social axustarase ao previsto na Ordenanza Reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social deste concello.

### **Artigo 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

En canto ás infraccións e sancións estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social, así como polas leis e disposicións que resulten aplicables.

#### *DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.*

En todo o non previsto na presente ordenanza, será de aplicación a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social do Concello de Pontearreas.

#### *DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.*

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no BOP.

